



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A xestión da diversidade sexual e de xénero desde unha perspectiva de dereitos

CONVOCATORIA: IGUALDADE convocatoria

GRUPO: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 16/03/2024 - 09:00h ao 25/03/2024 - 14:00h

RESPONSABLE: PEREZ MONTERO, TERESA [teresa.perez.montero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal da formación “A xestión da diversidade sexual e de xénero desde unha perspectiva de dereitos” é achegar ás participantes unha visión das realidades LGBTI desde unha perspectiva ampla, facendo un percorrido polas diferentes transformacións acontecidas cunha unha perspectiva de dereitos desde un contexto amplo ata o caso galego. Incorporando unha perspectiva histórica, con especial atención ao marco establecido pola Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, ata os máis recentes avances legislativos nesta materia, achegarémonos ao coñecemento e fomentaremos a sensibilización sobre a diversidade sexoxenérica, explorando as demandas e necesidades actuais das persoas LGBTI galegas, as diferentes dimensións das violencias contra este colectivo, compartindo por último estratexias para a incorporación da dimensión LGBTI nas políticas públicas.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

- Módulo 1 -

A realidade da diversidade sexoxenérica

Conceptos chave sobre diversidade sexual

Estereotipos e mitos ao respecto das persoas LGBTI

- Módulo 2 - Dereitos LGBTI

Dereitos humanos, marco legislativo e políticas públicas LGBTI: evolución, retos e respostas

A diversidade sexual no contexto galego: necesidades e demandas específicas

- Módulo 3 - Violencias LGBTIfóbicas e situacións de vulnerabilidade

Formas de discriminación e violencias LGBTIfóbicas: especificidades e consecuencias

Ferramentas e indicadores para a identificación de situacións de vulnerabilidade

Incorporación dunha perspectiva interseccional con outras formas de discriminación

- Módulo 4 - A inclusión da diversidade sexual nas políticas públicas.

Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galicia - O Foro Identidades e Disidencias Sexuais

Diversidade sexual e ámbitos específicos de intervención: educación, emprego, servizos sociais e saúde

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS**T01****LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN**INICIO / FIN:** 03/10/2024 a 23/10/2024**NUM. PRAZAS:** 50**ESTADO:** NORMAL**DATA EXAME:** 28/10/2024 ás 17:00h**DOCENTES NOMEADOS**

REXENERANDO S. COOP. GALEGA

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

En liña